

“Aos pobos moitas veces fálanlles de democracia os mesmos que lla están negando”. Fidel Castro

arredista! 1

Movemento Galego ao Socialismo

25 de Xullo de 2009



arredista!

Número 1

25 de Xullo de 2009

Edita

Xestora Nacional do
Movemento Galego ao Socialismo

Local nacional

Avenida de Lugo, 203 entrechán 1
15703 Compostela (Galiza)

www.mgs-galiza.org

info@mgs-galiza.org

Tiraxe

1.500 exemplares

Permítese a reprodución total
ou parcial dos contidos citando
a fonte.



EDITORIAL

O Movemento Galego ao Socialismo é unha organización xoven aínda que somos o resultado da maduración de varios anos e de debates en torno á recuperación dos valores históricos do nacionalismo galego. O camiño non foi precisamente doado mais agora estamos, ao cabo, na etapa de construción da ferramenta e dotandonos ao mesmo tempo dos medios necesarios para ser úteis aos nosos ideais revolucionarios e ao noso pobo.

Nese contexto é que nace a revista Arredista, como unha publicación para o debate político e a reflexión en torno á loita polo socialismo, o nacionalismo, a solidariedade internacionalista, os movementos sociais ou as loitas sectoriais. Unha revista que, sen unha periodicidade definida, pretendemos dar continuidade e consolidar como referente galego e de clase.

Esta revista e a edición do voceiro Mais alá! fan parte, polo tanto, do proceso de consolidación medre organizativo no que está envolto o MGS e do que tamén forman parte as reunións e presentacións en diferentes comarcas e localidades do noso país, a formalización das asembleas locais e zonais e que terá o seu remate -sendo ao tempo un novo comezo- no I Encontro Nacional que imos celebrar o vindeiro 3 de outubro. Teremos ocasión de debater demoradamente sobre o modelo organizativo mais acaído, sobre o momento histórico de inflexión que vive o nacionalismo galego ou o papel central dos movementos sociais galegos.

Ademais de todo o anterior desde este mes de xullo contamos na capital de Galiza co que é xa o noso local nacional e que contribuirá tamén a reforzar o noso papel como corrente política organizada.

Finalmente cremos que todo o anterior constitúe unha tarefa ilusionante na que se precisan moitas mans e moitas cabezas que traballen arreo para erguer un espazo político radical e coherente pola soberanía nacional e o socialismo, sen complexos nen atallos e con incidencia real no país.

SUMARIO

3 UNHA NOVA PAISAXE NO NACIONALISMO GALEGO **6** NEOLIBERALISMO LINGÜÍSTICO **8** ISCAI, O LUME QUE PRENDE **10** LUITA DE CLASSES: O "RETORNO" **12** ENTREVISTA A SERXIO FONTANES E ANTOLÍN ALCÁNTARA **15** UN NOVO ESCENARIO MUNDIAL? **16** PANORAMA POLÍTICO EN AMÉRICA LATINA **19** RECOMENDAMOS

UNHA PAISAXE DIFERENTE NO NACIONALISMO GALEGO

Rafael Vilar

O ano 2009 está a resultar un ano ben intenso para o BNG e para o conxunto do nacionalismo galego, xa que o calendario político fixaba para este ano dúas citas electorais (as eleccións ao Parlamento galego e ao Parlamento europeo), e finalmente o resultado dos comicios galegos precipitou a convocatoria dunha Asemblea nacional extraordinaria da organización que se celebrou no pasado mes de maio.

2009 tamén está a ser un ano en que agudización da crise capitalista está a ter consecuencias importantes en Galiza, cunha grande repercusión no mundo do traballo (EREs, conflictividade laboral...) e noutros sectores, como o agro-gandeiro, que están a levar a cabo importantes mobilizacións, das que o nacionalismo político non pode nin debe ficar á marxe ou ser simple espectador.

Alén diso, a volta do Partido Popular ao goberno da Xunta (un PP máis desafortadamente españolista e reaccionario) abre un período que require unha maior capacidade política e resposta social do nacionalismo.

Asemblea extraordinaria do BNG

Na Asemblea nacional extraordinaria do BNG, celebrada en maio, como Movemento Galego ao Socialismo (MGS) tivemos voz propia e articulamos un discurso arredor de catro eixos: 1) cambio de rumbo político do BNG (volta ao soberanismo e xiro á esquerda); 2) nova relación cos movementos e organizacións sociais; 3) reactivación orgánica (fomento da participación e da capacidade de decisión da militancia); e 4) mellor articulación da diversidade (pluralismo e unidade; posibilidade incorporar novos sectores do nacionalismo ao proxecto). Así mesmo, fomos quen (malia tratarse dunha asemblea por delegados/as) de promover unha candidatura ao Consello Nacional, denominada Máis Alá!, que obtivo unha representación de dous membros, un dos cales forma hoxe parte da Executiva nacional do BNG. Organismo que, alén da nosa pre-



Momento da Asemblea extraordinaria do BNG do pasado mes de maio.

senza, quedou configurado por sete membros da Alternativa pola Unidade (nucleada pola UPG) e por outros sete de +BNG (o chamado quintanismo), ficando excluído o Encontro Irmandiño de Xosé Manuel Beiras, a outra opción que se presentara e obtivera representación no Consello nacional do BNG.

Na avaliación pública que fixemos da Asemblea, entendemos que esta, cando menos, si serviu para focalizar as principais diferenzas de liña política da organización, aínda que non pechou todos os debates abertos. E nese sentido, concluímos que os obxectivos marcados polo MGS para esta Asemblea nacional do BNG foron obxectivos que se viron en boa medida cumpridos, aínda que non na previsión exacta do proceso que se fixera con anterioridade. En calquera caso, no nosa avaliación si víamos que se abría un escenario diferente no seo da organización (que xa se verá o que vai dar de si), máis favorábel a manter posicionamentos máis nacionalistas e de esquerdas, e de aí a nosa participación na Executiva saída da Asemblea extraordinaria.

Pasados apenas dous meses, e concluído o proceso asembleario tamén nas comarcas e localidades en que se estrutura o BNG, aínda é cedo para visualizar con nitidez en que se está a concretar a nova fase que se prevé inicie a organización. E tampouco se pode obviar que este proceso asembleario debuxa un escenario interno dunha forte polarización entre dúas sensibilidades políticas (UPG fronte a +BNG, esta última en proceso de se conformar internamente como grupo organizado), que xera unha gran tensión interna e que en certa maneira opaca a visibilización de opcións como a que representamos nós ou mesmo a que representa o Encontro Irmandiño, que á súa vez ten que enfrontar certas contradicións internas, tal e como se viu nas asembleas comarcais e locais que seguiron á Asemblea nacional.

Eleccións europeas

Neste contexto interno, o BNG afrontou os comicios europeos do pasado mes de xuño, cunha campaña de baixa intensidade e unha militancia desmobilizada e mesmo desmotivada. Os pobres resultados acadados (apenas 100.000 votos e menos do 10% do electorado), aínda que previsíbeis, non deixan de afondar na delicada situación que sofre a organización, de perda de apoios electorais e de parte da credibilidade social gañada nas décadas do 80 e 90 do século pasado.

De aí que sexa importante que o BNG asuma a incorporación das reflexións e debates mantidos na Asemblea extraordinaria, no sentido de rectificar liña política, modificar métodos de traballo e procurar robustecer a organización mesmo coa incorporación de sectores do nacionalismo e xente a nivel individual que hoxe fican fóra e que estarían dispostos a traballar nun pro-

xecto que, desde a súa pluralidade, pulase por manter un maior contido nacionalista e de esquerdas na súa proposta política.

Nestes comicios, outras organizacións do espectro soberanista do noso país deron en apoiar a candidatura de Iniciativa Internacionalista-Solidariedade entre os Pobos, candidatura encabezada por Alfonso Sastre e na que había participación galega. Os resultados logrados en Galiza por esta lista foron ben pobres, por baixo dos 4.000 votos, algo que é indícativo de que a perda de apoios electorais do BNG non está a ser recollido por organización ningunha, senón que vai embolsar a saca do abstencionismo. Cuestión esta que desde logo debe convidar á reflexión de todos, dado que é o nacionalismo como proxecto o que parece estancarse nos últimos tempos, o que sen dúbida quere ser aproveitado polas forzas españolistas (o PSOE vese que fai esa lectura) para afianzárense como opcións únicas na sociedade galega.

Fortalecer o nacionalismo

A actual conxuntura política e social vai requirir do nacionalismo -e do BNG como organización sobre a que pivota moi maioritariamente a actuación política do soberanismo galego- unha maior capacidade organizativa e, sobre todo, unha clarezza de obxectivos políticos, lonxe das mensaxes vagas e dunha aposta única por vías puramente institucionais para facer avanzar o proxecto emancipador inherente ao nacionalismo galego.

Faise necesario, como vimos demandando desde o MGS, unha mudanza no rumbo político da organización, que atinxa tanto a aspectos de índole organizativa (reactivando á militancia, que debe ter unha maior papel protagónico na vida do BNG), como á propia liña política da organización, que esixe unha decantación clara en prol da clase traballadora e dos sectores sociais máis desfavorecidos, que son os que en definitiva han pagar os pratos escachados desta crise. Alén diso, cómpre a articulación dun discurso que abunde con clarezza na necesidade de pór a soberanía de Galiza como un dos elementos centrais da acción política do nacionalismo.

Neste sentido, parece urxente a apertura dun novo ciclo político no nacionalismo a nivel político, que afortale as capacidades orgánicas do BNG, e que sexa quen de ir sumando novas vontades ao proxecto de liberación nacional e social que representa como organización política.

Nese novo ciclo político, será fundamental que unha das orientacións a desenvolver pola organización sexa a dunha maior implicación social, establecendo unha mellor conexión cos movementos e organizacións sociais e asumindo unha práctica política que combine a tarefa institucional cun labor social que amplifique o proxecto nacionalista no seo da

sociedade galega.

Paralelamente a isto, terán de se ir corrixindo determinados comportamentos políticos que se dan no BNG, tanto a nivel interno como externo, desvirtúan o significado do proxecto. Algo que no terreo institucional se vén reproducindo con demasiada frecuencia e con escaso ánimo, até o momento cando menos, de ir rectificando.

Un proxecto soberanista e de esquerdas

Porén, e como reflexión final, é ben termos en conta que hoxe o BNG, e o nacionalismo en xeral, está nun momento en que o debate sobre o rumbo a seguir é un debate non concluído, e no que dan en se visulizar estratexias non coincidentes, tanto no que ten a ver coa estrutura orgánica da que se debe dotar o nacionalismo político, como nas definicións político-ideolóxicas que deben guiar a súa acción nos próximos tempos.

Nós, como Movemento Galego ao Socialismo, non imos ficar á marxe do

debate aberto, neste tempo de encrucillada para o nacionalismo, xa que a aposta política témola clara: un proxecto inequivocamente soberanista e situada nas coordenadas da esquerda transformadora.



Comparecencia de prensa para dar conta da decisión do MGS de conformarse como forza política e anunciar o I Encontro Nacional a celebrar o 3 de outubro. De esquerda a dereita Antón Somoza, Noa Presas, Rafa Vilar e Soedade Fernández.

NEOLIBERALISMO LINGÜÍSTICO

Héctor López de Castro

O pacto social de coexistência lingüística no Reino de Espanha —elaborado entre o sórdido «ruído de sabres» da Transição e sancionado pela Constituição de 1978— está hoje morto e sepultado. Os grandes beneficiários dos privilégios outorgados ao castelhano querem ainda mais. Proclamam sem complexos o liberalismo lingüístico («¡Sí, sí, sí, *queremos elegir!*», berravam o 8-F em Compostela) e pedem abertamente o desmantelamento da leve protecção jurídica outorgada à língua galega nos últimos anos, nomeadamente na época do bipartido, mas também durante o fraguismo. Frente a eles, a alternativa moderada contenta-se com apelar ao «pluralismo lingüístico» e lamentar-se pelo «consenso perdido», enquanto se reactiva felizmente um activismo lingüístico que levava tempo em estado letárgico.

Os ataques contra a normalização lingüística constituem, com certeza, um clássico do espanholismo. Mas, ao contrário do que muitos nacionalistas queriam pensar, não procedem de sectores «ultramínoritários» ou «voluntaristas». O argumentário da associação *Galicia Bilingüe* coincide, ponto por ponto, com o *Manifiesto por una lengua común*, lançado em junho de 2008 por um grupo de académicos espanhóis ligados a poderosos grupos mediáticos e económicos. «Los ciudadanos son quienes tienen derechos lingüísticos y no los territorios ni mucho menos las lenguas», dizia o filósofo Fernando Savater na apresentação do manifesto, que não demorou em ser assinado por personagens públicas galegas, como o ciclista Óscar Pereiro, a cantora Luz Casal ou os modistas Roberto Verino, Antonio Pernas e Purificación García.

Não nos enganemos: a retórica de *Galicia Bilingüe* é hábil. Na sua declaração de princípios —redigida em espanhol e galego— declaram clinicamente o seu «máximo respeito pelas duas línguas oficiais de Galiza», para justificarem a seguir que «a Administração deve abster-se de impor hábitos lingüísticos à cidadania e de estabelecer quotas mínimas de falantes. Qualquer coacção ou imposição neste sentido deve ser rejeitada, por constituir uma clara vulneração da liberdade indivi-

dual». Se, como dizia Marx, «as ideias da classe dominante são as ideias dominantes», achamos aqui uma perspicaz transposição do dogma económico neoliberal ao campo da sociolingüística. Um discurso, centrado nos direitos individuais, que pode ter amplo eco em segmentos das novas classes médias galegas, procedentes do êxodo rural e que rejeitam o galego como estigma dum passado de pobreza ainda muito recente. E um discurso, enfim, que aproveita certas debilidades discursivas do galeguismo: num dos seus panfletos, *Galicia Bilingüe* pergunta-se «porquê os que antes reclamavam este direito para os nenos galego-falantes, privam agora deste benefício os escolares que preferem fazê-lo em espanhol».

Deste ponto de vista ultraliberal, o facto de umas línguas serem mais usadas do que outras seria fruto da capacidade natural que têm para se adaptarem a um contorno globalizado e sujeito a constante mudança (darwinismo lingüístico). Como consequência disto, qualquer regulação dos usos lingüísticos converteria-se num atentado aos direitos individuais. Fai-se-lhes duro, porém, admitirem que as línguas caídas em desuso não sumiram de forma espontânea, senão que foram substituídas por outras que, paradoxalmente, foram previamente introduzidas no território a lume e ferro. Os que reclamam a «despolitização» da língua e a não intervenção dos poderes públicos esquecem o facto de que todas as línguas, sem excepção, ocupam o lugar que ocupam por motivos políticos.

É conhecido o idílio entre *Galicia Bilingüe* e o Partido Popular, que viveu o seu momento mais apaixonado o dia 8 de fevereiro de 2009, com a presença da cúpula popular na manifestação convocada pela Dama do Lago e os seus Lancelotes na capital de Galiza, em contra da política lingüística do bipartido. O secretário-geral do PPdeG, Alfonso Rueda, que esteve presente na marcha, declarava após as eleições autonómicas de 1 de março que: «Nós não somos o mesmo que *Galicia Bilingüe*». Quem o diria, à vista dos primeiros meses do governo Feijóo. A sua principal iniciativa política foram os ataques à língua galega, in-



Cortexo do MGS e Isca na manifestación do 17 de maio deste ano.

spirados polo extremismo galegófobo e personalizados no bizarro duo formado polo conselleiro de Educación, Jesús Vázquez, e o secretario-geral de Política Lingüística, Anxo Lorenzo.

A fulminante supressom do artigo 35 da Lei de función pública —que permitia a avaliación da competencia lingüística dos aspirantes a funcionarios públicos mediante probas específicas realizadas en galego— introduziu explicitamente esse neoliberalismo lingüístico na nosstra legislación. Consoante ao preâmbulo da Lei de modificación: «O que debe primar é o absoluto respecto à hora de que as cidadás e cidadaos escolham con liberdade a lingua em que se queren expresar, sem que exigências do poder público (...) podam menoscar o exercicio desse dereito». O interese privado coloca-se assim por diante do público. Como vai garantir-se o dereito da cidadania a ser atendida em galego se o poder público nom pode exigir o coñecimento desta lingua aos seus empregados? A consulta fraudulenta às familias sobre o uso da lingua no ámbito educativo ou o anuncio de derrogação do Decreto do galego no ensino som outros exemplos conspícuos da subordinación do interese geral da cidadania e do mandato legal de promoción do galego por parte dum goberno empenhado em satisfacer os sectores mais ultras da sociedade.

Ante esta ofensiva geral contra o galego, cabe pensar num novo horizonte, que garanta ao galego un futuro a salvo de constantes sobresaltos. Um novo modelo que, como na Suíça, na Bélxica ou no Quebec, garanta a oficialidade única da lingua no seu territorio histórico. Um novo modelo que aproveite a sério a identidade lingüística com as variantes portuguesa e brasileira do noso idioma. Um novo modelo que supere os conceptos de «língua própria» e «língua oficial» para reconhecere o galego como «língua nacional» de Galiza. Um novo modelo, enfim, que tenha menos mimos para os neoliberais e muitos mais para os neofalantes.



ISCA!, O LUME QUE PRENDE

Noa Presas

Isca naceu en 2006 a partir dun grupo de militantes nacionalistas críticos coa deriva do nacionalismo oficial e conscientes da necesidade de organizar a mocidade como motor para reconducila defendendo un proxecto de cambio social real. Para iso defendemos a necesidade de auto-organización da mocidade e apostamos por novos xeitos de política, coa base como orixe das decisións fronte aos verticalismos e reivindicamos unha volta ao traballo na rúa, no ensino, nos centros de traballo, relativizando a vía electoral e institucional, aínda que non esquecendo a súa utilidade para trasladar as nosas alternativas.

8 Condidamos que é imprescindíbel un novo marco político para o noso pobo, baseado no dereito de autodeterminación. O actual marco imposto impide o noso desenvolvemento como pobo, ao estar condenados a unha economía dependente e a que os centros de decisión sobre aqueles temas que nos afectan sexan esóxenos. Esiximos un país libre nun mundo máis xusto, por iso decláramonos abertamente e sen complexos, independentistas.

Reivindicamos o noso dereito a rebater as falsidades da historiografía española, a defender o noso idioma e cultura dos ataques que leva recibindo máis de cincocentos anos. Ao longo do último curso políticos desenvolvimos diversas campañas sobre lingua e sacamos as nosas vacas á rúa contra os xenocidas do idioma.

Creemos na loita de clases, os intereses de traballadores e empresarios non son conciliábeis pois uns viven a conta da explotación dos outros e iso impide que podamos asumir calquer análise interclasista da nosa sociedade. A aguda crise neoliberal que estamos a vivir demostra que o sistema no que vivimos non funciona. Só poñendo fin ao capitalismo e construíndo un sistema social xusto poderán ser garantidos os dereitos básicos de cada persoa, e este sistema é o socialismo. O noso sitio está a carón das clases populares, e estas deben ser o obxectivo das nosas propostas. Apostamos pola mobilización social para que desta situación de crise saia reforzada a clase traballadora e non o capital que é o responsábel. Por iso ao longo dos últimos meses sumamos o noso apoio, por exemplo, aos traballadores do metal ou aos nosos labregos, exemplo de dignidade e loita.

Porén somos conscientes de que o mundo non xira arredor do noso em-

bigu nin remata nas nosas fronteiras, por iso defendemos a solidariedade internacional como unha das nosas fronteiras de loita, brindando o noso apoio a exemplos como Cuba e Venezuela ou a pobos masacrados como o palestino e ollando ás diversas loitas dos pobos do mundo pola súa emancipación, desde Irlanda a Grenlandia.

En base a estes obxectivos, traballamos no seo do movemento nacionalista e nos movementos sociais transformadores: no sindicalismo, no movemento feminista, ecoloxista, estudantil, nos Centros Sociais... Nestes ámbitos aportamos visións de traballo abertas e participativas e colaboramos co conxunto de organizacións nacionalistas desde a lealdade a o respeito mútuo, apostando pola converxencia práctica nas loitas diarias con quen defenda a superación do actual marco en clave nacional e de esquerda. Creemos na unidade do nacionalismo e no frentismo, participamos criticamente no BNG e na súa organización xuvenil, Galiza Nova.

ISCA! como organización política actúa a todos os niveis sociais e políticos mais organízase e traballa no ámbito da mocidade e recoñece no MGS o seu referente político e organizativo, particularmente no seo da fronte (BNG), en que ambas organizacións compartimos moita da nosa teoría e praxe política. ISCA! e o Movemento Galego ao Socialismo recoñecemos de xeito recíproco como referentes políticos nos diferentes rangos de idade en que se organiza e traballa maioritariamente cada organización, mantendo ambas a súa independencia, así non mantemos estatutariamente a dupla militancia das mozas e dos mozos de ISCA!, mais a maioría de nós formemos parte tamén do proxecto político do Movemento Galego ao Socialismo.



Ximena González Ataide é responsábel de organización de Isca! Dende a pasada Asemblea Nacional celebrada en Outubro de 2008. Vive entre Ourense, onde fai parte do Consello Local do BNG e A Coruña, onde foi responsábel de campus dos CAF

Vai facer un ano da segunda Asemblea Nacional de Isca!, que balance se pode facer deste período?

... Necesitaria un amplo espazo para facelo, por fortuna neste ano Isca! desenvolveu un traballo intenso e constante con numerosas campañas, lembro agora a Campaña contra a discriminación do Galego, unha Campaña de recoñecemento aos 50 anos da revolución Cubana, e o impulso de numerosas campañas no seo de Galiza Nova, tamén temos participado activamente na Mobilización de apoio a palestina, na defensa do idioma, sacando as nosas vacas na manifestación de Galicia Bilingüe para defendernos dos ataques dos fascistas que pretenden impornos en que lingua vivir, na manifestación do 17 de maio, nas convocatorias da Galiza Non Se Vende, amosando o noso apoio aos labregos, aos compañeiros do metal, participando do movemento feminista, toda esta actividade e o compromiso no traballo diario no seo do nacionalismo é o que nos ten levado a incrementar a militancia e a base de simpatizantes durante todo este ano, o que nos permite afrontar con ilusión o que nos queda por diante.

Que papel debe ter a mocidade no cambio de rumbo do nacionalismo?

A mocidade é o futuro do nacionalismo, polo tanto o papel da mocidade é fundamental para o futuro deste, unha mocidade comprometida, activada e ilusionada é garantía dun nacionalismo transformador e ilusionante para a sociedade galega. A mocidade debe crear espazos de participación, debate e reflexión nos que aprender e tamén ensinar. Temos moito que dicir, de que se nos escoite ou non dependerá en grande medida que o nacionalismo consiga mudar ese rumbo.

É posible o cambio de rumbo no BNG sen o seu equivalente en GN?

Non, rotundamente. Unha organización xuvenil paralizada ou sometida aos tempos do BNG, en demasiadas ocasións vencellados aos procesos eleitorais, non nos serve, nen aos que militamos nela nen aos mozos e mozas galegas que esperan de nós un traballo ilusionante e serio en favor dos intereses da mocidade. A organización xuvenil do BNG ten que aspirar a ser o referente da mocidade nacionalista, de esquerda, anti-capitalista, feminista e ecoloxista deste país e iso pasa por menos electoralismo e máis feminismo, máis ecoloxismo, máis compromiso político e máis traballo nacionalista co horizonte na soberanía nacional.

Como debe combater o nacionalismo a ofensiva contra o idioma e cultura?

Con decisión, con firmeza, con unidade, intelixencia e por que non, tamén con humor. Iso sí: sen tregua. ■

LUITA DE CLASSES: O “RETORNO”

José Emílio Vicente

A começos do século XIX, um empresário inglês chamado Thomas Peel queria beneficiar-se da proximidade das matérias-primas, polo que levou até as ribeiras do rio Swan, na Austrália, a uns três centos de obreiros. O empresário planificou e anotou todo minuciosamente para garantir o sucesso da iniciativa: licenças das autoridades coloniais, dinheiro, maquinaria, operários, trajecto da embarcação... Sem embargo, Peel esqueceu levar até ali as relações de produção capitalistas, polo que nom conseguiu nem que lhe recolheram um pouco de auga no rio. Fugirom da sua fábrica, e adentrarom-se nas terras virges. Deixarom de ser obreiros da noite para a manhã. Erguerom as suas casas, criarom galinhas, outros mesmo competirocom com o seu antigo patrom, ou simplesmente decidirocom lacazanear mentres podiam. Peel decatouse entom de que nom acodiam cada dia “voluntariamente” a trabalhar na sua fábrica.

Hoje nom poderíamos relatar esta história recolhida por Marx. Seguimos a ser trabalhadoras e trabalhadores mesmo se nom soa o despertador pola manhã. Sem embargo, e ao contrário que Peel, a nossa particular amnésia nom provém da inconsciência: nós somos forçados a esquecer cada dia. Também a história e as palavras tenhem proprietários, e para eles a luta de classes é tam só umha antigualha irrisória, ou como muito um lastre na memória dos arrependidos, sepultada numha história que rematou, aplastada baixo a “lei natural” da demanda e a oferta de trabalho.

Nom só anunciaram a dessapariçom da classe trabalhadora senom a perda de importância do mundo de trabalho, em favor de forças do conhecimento e a tecnologia.

É certo que em muitos casos, a classe trabalhadora sofreu un caso de “identidade equivocada”, já que umha parte da população a imagina composta apenas de trabalhadores industriais. Mas o factor crucial nom é umha caricatura (o processo técnico de trabalho, ou trabalhar numha fábrica, nem sequer ser pobre) senom a forma específica de exploração, a necessidade de vender o trabalho ao capital para sobreviver – acrescentando à vez o capital.

Existe umha distinçom clássica entre a classe obreira e o proletariado, da categoria social “objectiva” à posiçom subjectiva, da experiência do

trabalho à toma de consciência. De reabilitá-la hoje, teríamos que conceder que a única categoria em certo risco de extinçom é a segunda, sem que ninguém fosse quem de subjectivar umha outra condiçom semelhante. Ademais, a direita logrou encobrir a sua defesa dos interesses dumha minoria sob umha retórica populista e interclassista, tam hegemónica que mesmo penetrou as forças de esquerdas.

Em realidade, o mundo do trabalho continua a ser o da maioria da humanidade e a força essencial da produção e da criação de valor, ainda que si se registrarom mudanças históricas. Medrou um novo modelo de relações laborais e industriais, um pouco por toda a parte, baseado na precarização crescente; na diminuição de salários reais; na intensificação do trabalho; num aumento progressivo da jornada laboral; no aumento do desemprego e subemprego em todas as formas.

No entanto, umha análise de classe nom deveria levar-nos a cair em reducionismos já mui custosos no passado, e subestimar outros actores e alianças, nomeadamente as luitas de género e a defesa da natureza. De facto, a apariçom e consolidação de novos actores sociais levou a muitos sectores a propor o reemplazo dum sujeito “classista” pola simples actuação de movimentos sociais. Trata-se dumha proposta insuficiente que nasce da sensação de derrota e impotência ante a implantação do neoliberalismo. Nom podemos contrapor a luta reivindicativa com a política, porque estão intimamente anudadas. Se todo está invadido polo mercado, toda luta é também política e no fundo umha questom de classe, ainda que se formule desde o âmbito da vida cotidiana, e ainda que os distintos actores sociais nom sejam sempre conscientes disto.

Para todos, o principal desafio de hoje é umha nova crise capitalista. Nom se trata tando dumha maior acumulação de fome, guerras e opressom, como o descenso dos beneficios dos poderosos, que pagamos os povos e trabalhadores. Resulta bem gráfico que os responsáveis directos da debacle financeira, os mercados especulativos do núcleo capitalista, sejam os que em realidade plantejem, programem e executem as soluções. Deste jeito, todas as respostas oficiais, tanto as neoliberais como as keynesianas, revelam-se como parches insuficientes que só

Handwritten text in German, likely a manuscript or letter, partially visible on the left side of the image.



servem para fazer marketing ideológico, um autêntico desatino. Do mesmo jeito, nom podemos esquecer que –sem recuncho nas palestras mediáticas– convivem acarom da crise financeira outras duas estruturais, de nom menor importância, a ambiental e a energética, com a raiz no mesmo modelo irracional de crescimento eterno mundo com recursos finitos: um problema civilizatório.

O capitalismo é em si umha crise constante, e nom só de cracks bursáteis; nom busca o bem-estar das pessoas, senom o aumento dos benefícios e a plusvalia; é por isso que esige sempre tratar às pessoas como meios de reprodução da exploração; polo que considera a natureza umha propriedade e demanda o espólio ilimitado dum mundo pequeno.

Os seus resultados estão bem à vista: 1.200 milhões de pessoas vivem com menos dum dólar ao dia; as 200 pessoas mais ricas do planeta temhem maior riqueza que o 40 por cento de toda a população do globo; quase a metade desta população nom acede à auga potável; quase 900 milhões de adultos som analfabetos; a educação e a sanidade som só um privilégio dumha minoria. Tanto no passado como no presente, os avanços incessantes oferecidos polo capitalismo forom sempre os do desespero e a pobreza.

O sismo do capitalismo global tem como primeiros efectos umha maior degradação das condições de vida e de trabalho, nom sem respostas. Também na Galiza a classe obreira demonstrou umha grande capacidade de combate, ao longo de conflitos grandes e pequenos, como expom o prolongado exemplo de dignidade do sector do metal, pero também muitos outros, como o mármore e a pedra, Caramelo, Vidriera del Atlántico, Armarios Alonso, Tréves ou Bunge Ibérica. A luta de classes nom volve com a crise: só se fai mais visível.

Non entanto, toda esta imprescindível resistência nom avonda. Hoje igual que onte, o trabalho assalariado nom é mais que a organização burguesa do trabalho, sem o qual nom há capital nem investimentos financeiros. É por isso que, como dizia Marx, mesmo um ministério *de esquerdas* do trabalho nom poderia ser, baixo o capitalismo, mais que

um ministério da impotência: “Mas os ministérios das Finanças, do Comércio, das Obras Públicas nom som eles os ministérios *burgueses* do trabalho?”

O problema principal nom é entom o ministério de trabalho, nem a crise, nem a burbulha imobiliária, senom o capitalismo. A classe trabalhadora só pode suprimir a sua exploração se suprime a sua origem. O capitalismo pode permear certas diferenças, oferecer pluralismo e até democracia formal (até que o povo se equivoque, como demonstra a história umha e outra vez), mas nom pode abolir a exploração de classe, para nom extinguir-se. Por isso a luta de classes tem um carácter universal.

A única saída de Peel para que o seu negócio frutificasse era arrebatat aos seus ex-obreiros umhas condições de existência tam frutíferas, queimando as plataneiras e restringindo as terras. Essa violência nom é já necessária contra nós, porque nom podem roubar-nos duas vezes, nom podem espoliar-nos o que já nos arrebataram há tempo. Sem aguardar a que nos empacotem e trasladem a outro continente (ou só trasladem as empresas), deveríamos transformar o sistema de produção e distribuição de bens e serviços, para garantir o acesso universal a umha vida digna. Para permitir a supervivência, devemos procurar as terras virges que si estão ao alcance da nossa mão, fora dos mapas geográficos.



ENTREVISTA A SERXIO FONTANES E ANTOLÍN ALCÁNTARA

Cales foron os motivos que deron orixe á folga?

Serxio Fontanes: Fundamentalmente dous aspectos. Primeiro, a contención salarial acordada pola CEOE en todo o Estado, é dicir, incrementos sobre IPC ou inferiores a IPC, unha orde que seguiron evidentemente todas as patronais. O outro é a contratación no sector naval, que está a sufrir agora mesmo unha segunda reconversión, como é a entrada de traballadores que non son do convenio provincial substituíndo os traballadores de aquí.

Como se explica a intransixencia da patronal ante as demandas dos traballadores, que está a alongar tanto tempo o conflito?

SF: A explicación -despois de tantos días que supuxeron perdas para as empresas que superan o aumento salarial demandado polos traballadores- é a destrución da dinámica de loita da clase obreira que neste caso é excepcional, e que pode marcar o camiño a outros convenios e sectores.

Antolín Alcántara: Explícase pola estratexia dos empresarios de aproveitarse da crise para cargar sobre os salarios dos traballadores as súas consecuencias. Entón o peche de filas de xeito uniforme de toda a patronal trasladouse ao convenio provincial, porque é o convenio máis duro que ían enfrontar na negociación colectiva este ano. E estamos convencidos de que hai unha actitude política nesa decisión, de non transixir e non ter nengunha excepción no convenio provincial polo isto que significaría.

Fálase do valor, xa non só económico senón tamén simbólico, do conflito do metal na provincia de Pontevedra. Pensades que o que está en xogo son moito mais que cartos?

SF: Dende logo, bastante mais. Cunha vitoria dos traballadores quedaría en entredito a posición da patronal, sería un éxito da clase obreira e non se entendería que no estado español se estean asinando convenios do 0,7% e aquí se asine un 3% ou un 4%.

AA: Está en xogo moitísimo mais que o incremento de salarios; a forma



Antolín Alcántara é membro da Executiva Confederada da CIG, e secretario nacional de negociación colectiva. É membro da Xestora Nacional do MGS.

de negociar, onde os traballadores do metal de Pontevedra teñen recoñecida e xa aceptada unha fórmula de participación onde os traballadores deciden, e isto é o que queren modificar os empresarios. Unha actuación dos traballadores que implica esa participación, implica tamén mobilización, que é o que pode explicar por que no metal da provincia de Pontevedra a mobilización é tan aceptada e tan apoiada polos traballadores do sector.

Como interpretades o papel das forzas represivas na folga?

SF: O papel das forzas represivas é un papel no que o goberno español -do mesmo xeito que fixo o goberno da Xunta- decide tomar posición política diante do conflito. O goberno do estado español decidiu intentar

Na provincia de Pontevedra ven de vivirse un dos conflitos laborais máis importantes dos últimos anos, tanto pola súa dimensión en número de traballadores e traballadoras, como pola súa potencialidade á hora de mobilizar.

Foron vinte e tres días de folga, logo dos cales desconvocouse o paro polo descolgue das outras dúas centrais sindicais. Por esta razón valorouse facer un receso coa intención de recuperar a unidade sindical e recuperar forzas para voltar á loita por un convenio digno. Reunímonos con Antolín Alcántara e Serxio Fontanes, militantes do Movemento Galego ao Socialismo, que nos contan as súas valoracións e perspectivas sobre este importante conflito.



Serxio Fontanes é membro da Executiva Comarcal da CIG en Vigo, e responsábel da negociación do convenio.

acordonar e restrinxir toda a mobilización, todo movemento dos traballadores durante todas as mobilizacións e a todas horas, de xeito que non pudiera producirse nengunha ocupación de edificios públicos ou ningún movemento a maiores do que puidera ser comunmente aceptado coa mobilización diaria nas rúas e iso provocou uns enfrontamentos tan duros como os que vivimos, con cargas policiais completamente brutais e indiscriminadas.

O nivel de solidariedade, conciencia de clase e capacidade de loita do metal en Pontevedra non ten agora mesmo parangón en Galiza nin no conxunto do Estado.

Como se chegou a esta situación e cal foi o papel da CIG para conseguir ter un sector tan forte e mobilizado?

AA: A explicación é que a CIG é sindicato maioritario no metal e impón un modelo sindical diferente, ese modelo de participación, que discute todos os puntos do convenio, que elabora os anteproxectos de maneira activa coa participación da xente. Iso promove tamén a mesma resposta, e nesa contradición móvense CCOO e UGT que non aceptan esa lóxica porque non corresponde ao seu propio modelo. Polo tanto até agora nos anos anteriores viñeron ao carón da CIG pero este ano a súa táctica foi poñer moitas condicións, moitísimas dificultades e incluso facer movementos contarios á propia dinámica da folga, que dalgún xeito provocaron un desenlace distinto ao que prevíamos, unha parada para que o conflito se volva reiniciar. É algo que temos que pactar de maneira concreta con eles, que a partir de agora as mobilizacións se darán de tal maneira que non poda haber ningún tipo de imprevisto nin de descolgue por parte de nengunha central sindical, polo menos iso é o que imos intentar.

SF: A unidade deste sector dende anos atrás supuxo moito traballo por parte da nosa central sindical, un traballo asambleario en cada empresa onde se informa e se participa e se toman decisións colectivamente.

É moi importante na diversidade deste sector transmitir, unificar, debater coa xente nas empresas, facelos partícipes e tendo eles a última palabra sen tomar decisións por riba. Esta dinámica é a que fai que o metal sexa agora mesmo un referente.

Como xulgades o papel que está a xogar a administración autonómica, encargada de mediar no conflito?

AA: Desde o primeiro momento xogou un papel contrario aos intereses dos traballadores posicionándose frontalmente contra eles, manifestando que non era tempo de conflito, que non era tempo de demandas, e polo tanto dándolle á patronal mais azos, mais razóns para soste o conflito, en sintonía co que son as demandas do capital e da propia CEOE. A Xunta xogou a iso, xogou a incriminar os traballadores das mobilizacións e xogou a desactivar o conflito.

Fálase cada vez mais, principalmente desde o sindicalismo nacionalista, da necesidade de convocar unha folga xeral para dar resposta ás sucesivas agresións que, coa excusa da crise económica, a patronal e os gobernos cometen contra os nosos dereitos. Vedes necesaria unha resposta deste tipo e pensades que conflitos como o de metal poden prender a faisca ?

AA: É unha reclamación na que entendemos que hai que involucrar a toda a clase traballadora. O metal ten un xeito de resposta, pero como a proposta e a actitude política dos empresarios é igual en todos os sitios -a de contención de salarios, a de precarizar as condicións de traballo- entendemos que hai que involucrar a todos os sectores, porque na medida en que sexamos capaces de romper este cerco nun lugar somos capaces de transmitir e reproducir a mesma resposta nos outros.

SF: A CIG é a única organización con capacidade para crear esa dinámica, é a única organización con capacidade para transmitir estas ideas. É por iso que levamos tempo a falar da necesidade de impulsar as diversas loitas no camiño dunha folga xeral no noso país que de resposta a esta actitude dos gobernos e a patronal.

Por último, como analizades a nivel mais xeral a actual situación de crise do sistema capitalista, e que respostas sindicais e políticas debe artellar fronte a ela a clase traballadora?

AA: A actual crise é crise do modelo, é crise estrutural, e da mesma maneira que o sistema dá unhas respostas concretas para aproveitar a circunstancia e retirarlle dereitos á clase traballadora, nós como organización entendemos que non pode ser así e temos alternativas claras, xa

temos manifestado as nosas propostas, as temos feito públicas e un exemplo de cómo enfrontarnos a ela é o propio conflito do metal, que permite entender cal é a resposta desde a propia central sindical e desde o nacionalismo. Entón, hai que manter a intensidade desta resposta e intentar que sexa receptiva para o resto dos traballadores. Por iso, no catálogo de medidas que propón a CIG xa entra todo, pero xa entra incluso a proposta concreta de que hai que sobrepoñerse a un sistema capitalista que non pode darlle resposta ás necesidades da xente, fundamentalmente da clase traballadora, no que o reparto da riqueza é completamente desigual e cada vez mais inxusto.



UN NOVO ESCENARIO MUNDIAL?

Iuri Domènech

Hai 20 anos apenas, coa derrota dos procesos de construción do socialismo nos países do leste de Europa, configurábase un novo escenario mundial marcado pola total hexemonía do imperialismo e da reacción. O novo pensamento único, constituído polo binomio de neoliberalismo e neconservadurismo co aderezo filosófico do posmodernismo, prometía o fin da Historia (e da loita de clases) e o advenimento do paradiso consumista nun mundo unipolar “globalizado” baixo a batuta dos Estados Unidos. Sepultadas polos cascotes do Muro de Berlín ían xacer para sempre as arelas de liberdade e igualdade da clase obreira e dos povos do mundo.

Mais a realidade actual amósanos un panorama ben distinto do planeado polos centros de pensamento do capitalismo mundial. Un escenario ben complexo, cheo de contradicións e de inestabilidade, cheo de perigos, mais tamén de oportunidades.

Poderíamos destacar catro grandes elementos que han definir ese novo escenario mundial e determinar, nunha relación dialéctica entre eles, o ritmo e a intensidade dos avances (ou de novos retrocesos) na loita polo socialismo e a soberanía dos povos.

Por unha banda estamos a asistir aos momentos iniciais dunha crise xeral do capitalismo. Se ben o seu detonante puntual (ou aparente) foi o colapso dos chiringuitos especulativos nos mercados financeiros, na orixe real da mesma está unha contradición insólubel do propio capitalismo: canto máis lucro lle saca aos traballadores, menos produtos poden estes mercar. Xa sabemos como o capital resolve historicamente as súas crises; principalmente por medio de tres recursos: o empobrecemento masivo dos traballadores, o disciplinamento forzado da clase obreira (fascismo/estado policial) e a guerra.

Por outra banda a (re)aparición de novas e velas potencias emerxentes que lle disputan en parte a súa hexemonía ao capitalismo central (os países do chamado BRIC: Brasil, Rusia, China e India), colocan os tres polos imperialistas dominantes (Estados Unidos, Unión Europea e Xapón) nunha situación que dificulta a súa marxe de maniobrabilidade fronte a crise e fronte o esgotamento (e encarecemento) dos recursos naturais. Tamén presenciamos a consolidación dos procesos bolivarianos que, ali-

cerzados na onda de resistencia popular que confrontou ao neoliberalismo nos anos 80-90 do século pasado, recuperan agora a soberanía nacional-popular, procurando a xustiza social e a integración continental en América Latina (co seu máximo expoñente na ALBA, que xa apunta ao socialismo como orientación estratéxica).

Finalmente, asistimos a unha recuperación crecente (inda que moi desigual) das forzas do campo revolucionario. No ciclo anterior, moitos partidos comunistas, obreiros e forzas de liberación nacional padeceron procesos de disolución, ou ficaron desorientados, emprendendo varios tipos de aventuras reformistas ou mesmo reconverténdose en xestores entusiastas do neoliberalismo (nalgúns casos isto favoreceu a reaparición de tendencias vangardistas ou aventuras esquerdistas, que o alonxamento das masas e certo elitismo intelectual condena a esterilidade). Mais a situación está a mudar, xa que vemos darse, con desigual ritmo e intensidade, procesos de consolidación de diversos partidos comunistas (podemos destacar os casos máis próximos de Portugal, Grecia, Chequia ou Chipre), de recuperación (orgánica e ideolóxica) e refundación de moitos outros, a revitalización de diversos mecanismos de coordinación ou concertación mundial de forzas comunistas, revolucionarias e de liberación nacional, e o novo pulo á coordinación mundial do sindicalismo de clase por medio da Federación Sindical Mundial e os seus órganos continentais.

Todos estes factores que cuestionan a estabilidade do capitalismo, tamén o colocan nun novo escenario máis propicio para o avance revolucionario e emancipador da clase traballadora e dos povos. A tarefa histórica que temos diante (como povo e como clase) é a construción da ferramenta política para derrubalo, acadar a soberanía nacional e construír o socialismo.

PANORAMA POLÍTICO EM AMÉRICA LATINA

Diego Santório

16 Para situarmo-nos na política actual de América Latina temos que começar pelo quadro geral que envolve o subcontinente. A dinâmica política destes anos vem marcada pela resistência activa dos povos de América Latina ao chamado “Consenso de Washington”, que dominara décadas anteriores: desregulações, privatizações, dolarizações das economias e seguimento das políticas estadunidenses; provocando maiores quotas de pobreza no continente mais desigual do planeta. Ese consenso começa a erosionar-se com a eleição de Hugo Chávez Frías como Presidente de Venezuela em 1998, e tem um ponto de ruptura na crise argentina do “corralito” em 2001, favorecido ademais pelo desprazamento do foco de pressão imperialista para países árabes e muçulmanos tras o 11-S de 2001. Assim pois, podemos estabelecer uma linha onde os extremos serão os países com governos anti-neoliberais (Venezuela) e os países aliados dos EUA (Colômbia).

Outra das características gerais é a aceleração da integração regional. Aqui podemos assinalar o fracasso estadunidense em impor o modelo neoliberal de livre comércio, o ALCA, que em versão norte-americana (TLCAN: México, Canadá, EUA) tem provocado desemprego e baixas dos salários reais a ambos lados do Rio Grande¹. A “Alternativa Bolivariana para as Américas”, o ALBA, criada para fomentar intercâmbios baseados na procura da justiça social, ganhou essa partida e hoje conta com 9 países aderidos². Numerosos países das Caraíbas recebem petróleo subvencionado a câmbio de programas sociais desenvolvidos em Venezuela (“Operação Milagre” de tratamento ocular, por exemplo).

Outro instrumento recente de cooperação é o Unasur (União de Nações Sul-americanas), constituído por estas repúblicas (exceto a Guiana francesa) em maio de 2008, que não tendo uma orientação ainda definida, pode actuar como contrapeso aos desígnios dos EUA. Esse parece ser o desejo do Brasil, decidido a actuar como primeira potência regio-

nal. Esta liderança ficou demonstrada na reacção ao feito da Colômbia de Uribe ter violado a soberania de Equador e atacado um acampamento das FARC em território equatoriano.

Haverá que estar atentos à evolução destas variáveis, assim como as novas acções de Washington, cuja estratégia passa agora por acordos bilaterais de livre comércio, já vigentes com vários países, com a intenção de provocar uma reacção em cadeia de acordos bilaterais e evitar a integração regional.

Hoje em América Latina está clara a viragem à esquerda, ainda que em distintos graus. Por um lado aqueles países que defendem a construção dum “socialismo do século XXI”: Venezuela, Bolívia e Equador, principalmente, e a Revolução Cubana. Por outro, governos mais social-democratas ou mesmo social-liberais nas suas acções: Brasil, Uruguai, ou a Argentina kirchnerista. E ademais temos que engadir a presidência de Daniel Ortega pelo FSLN em Nicarágua (2006), a do ex-bispo próximo à teologia da libertação Fernando Lugo à frente dunha heterogênea coaligação em Paraguai (2008), e a mais recente de Mauricio Funes pelo FMLN no Salvador (2009).

Convém recordar, frente a intoxicações meióticas permanentes como a do grupo PRISA, os extraordinários logros sociais alcançados nestes 10 anos por Venezuela: redução de pobreza do 52% para o 26% e de pobreza extrema do 30% para o 9,4%, redução da sub-alimentação do 50% para o 10%, ajudados por estabelecimentos públicos (“Mercal”) a preços menores do que nos privados, erradicação do analfabetismo certificado pela ONU, acesso à água potável do 68% para o 92%, atenção sanitária (Missions “Barrio Adentro”)... Tudo por meio dumha política económica decidida: incremento do gasto público, nacionalização dos recursos naturais de petróleo e gás, capitalização de PDVESA (Petróleos de Venezuela) destinando por fim benefícios para programas sociais, nacionalizações de sec-



tores chave: a recente do 3º banco do país, o Banco de Venezuela, a companhia de aço SIDOR, ou outras anteriores como a telefonia: CANTV.

Este caminho é o seguido por Bolívia, onde o indígena Evo Morales afronta a dura oposição da oligarquia da Meia Lua, disfarçada de autonomista, onde se concentran os latifúndios e poços de petróleo. Finalmente a nova Constituição, tras anos de briga, entrou em vigor em fevereiro de 2009. No entanto, Bolívia ten tamén erradicado o analfabetismo, por exemplo.

No outro lado da esquerda, destaca Brasil, primeiro país do subcontinente, líder da integração regional, capaz de bloquear as influências estadunidenses sem um anti-imperialismo explícito. Mas na política interna Lula da Silva tem cumprido o que prometeu antes de chegar à presidência, acusado polos mercados e Bolsa: cumprimento dos compromissos com o FMI até o saldamento da dívida com este, contenção do gasto público e superávit fiscal, numha política económica continuista da neoliberal de Cardoso. Esta política desenvolve-se num contexto comprometido pola herança de Cardoso, umha enorme dívida externa dumha economia voltada para a exportação, e um legislativo altamente fraccionado onde o PT nom conta com maiorias. Numha questão central como a propriedade da terra, o governo brasileiro, tras crises internas, acabou apoiando o agronegócio exportador frente os pequenos camponeses, com umha reforma agrária que nom avança³. Junto com isto, a política social de Lula tem conseguido diminuir levemente a pobreza através do programa Fome-Zero coa Bolsa-Família e outras⁴. Este panorama causa graves tensões na esquerda e em aliados tradicionais do PT desde a ditadura, a central sindical CUT e o MST: saída do PT pola esquerda do PSOL e do PSTU, saída desde a CUT de novas centrais: Conlutas e CTB, esta vinculada ao PCdoB, apoiante de Lula.

Outro foco de conflito provem da tensão entre desenvolvimentismo e conservação do ambiente e dos territórios dos povos originários. Globalmente, os discursos e praxes “indigenistas” están incluídos com êxito no discurso da esquerda, frente à histórica marginalização do índio praticada pelas oligarquias.

Destacan estes dias as lutas camponesas no Perú, onde o governo aprovou vários decretos desde 2007 em aplicação do TLC com os EUA, para entregar terras indígenas para a exploração petrolífera de diversas transnacionais, entre elas Repsol e Endesa, contravindo tractados assinados por Perú (Convenio 169 da OIT, por exemplo). As lutas camponesas, reprimidas polo exército e que causárom no mínimo 61 mortos ou desaparecidos, logrãrom botar atrás os decretos 1064 e 1090, mas esta continua até a derrogação da totalidade deles.

Mas também no campo da esquerda existen frições às vezes: no Brasil, com projectos hídricos como o do Rio San Francisco⁵. Também no Equador, onde a abrumadora aprovação da nova Constituição (27/09/2008),



Contestando a unha pergunta dunha xornalista de Telesur, sobre a crise política en Honduras, o presidente Chavez respondía “é a loita de clases, Marcela”. Na imaxe o pobo hondureño organizando a resistencia fronte o golpe de estado da oligarquía.

18

e as medidas sociais conviven con o rexeitamento à exploración petrolífera na Amazonia por parte dos movementos indíxenas, aliados críticos de Correa, em particular o Pachakutic.

Por último, umha mençom a Honduras: o presidente Zelaya, proveniente de sectores oligárquicos, acabou virando à esquerda e integrando Honduras no ALBA; o Exército e esses sectores nom o perdonárom e dérom um golpe de Estado, exiliando o legítimo presidente. A situaçom ainda non se aclarou, mas serve para recordar que a política do golpe militar de direitas sempre pode volver cada vez que a democracia formal seja um estorbo para os seus intereses.

Para o futuro aparecen vários perigos e oportunidades: as presidenciais brasileiras, entre o campo popular, Lula e a direita, que pesarám grandemente no panorama continental, e o difícil futuro do kirchnerismo no sempre flutuante peronismo tras a perda recente nas legislativas de 2009. E um pouco depois, em 2011, novas eleiçoms em Argentina e Venezuela, núcleo desta nova onda ascendente da esquerda, possibilitada pola Revoluçom Cubana, que fijo 50 anos neste 2009, dignidade das Caraíbas a poucas milhas do centro do imperialismo.

1 Cfr. sobre a crise da “tortilla”: “Triste balanço do ‘livre’ comércio”, Le Monde Diplomatique Brasil. Acessível em <http://dipl.uol.com.br/2008-04,a2328>

2 Estes países son: Venezuela e Cuba, fundadores em 2004, Bolívia (2006), Nicaragua (2007), Equador (2009),

Honduras (2008), e os estados das Caraíbas de Antigua e Barbuda (2009), Dominica (2008) e San Vicente e Granadinas (2009).

3 “O II Plano Nacional de Reforma Agrária tinha a previsão de assentar 550 mil famílias entre 2003 e 2007. No entanto, segundo a UNESP (Universidade do Estado de São Paulo), apenas 163 mil famílias desta meta foram assentadas (...). A conclusão: o governo Lula não fez a reforma agrária onde o agronegócio não queria (...). O governo dá prioridade ao modelo agroexportador, que coloca nas mãos de grandes empresas o controle dos preços dos alimentos” Reforma agrária x agronegócio, Movimento dos Trabalhadores Rurais Sem Terra (MST). 15 de Abril de 2009.


Acessível em <http://www.mst.org.br/mst/pagina.php?cd=6579>

4 A reduçom da pobreza e da pobreza extrema foi, entre 2002 e 2005, de 38,2 para o 34,1% e de 16,4% para 13,2%, respectivamente segundo a “Pesquisa Nacional de Amostra de domicílios”.

5 Cfr. Entrevista ao bispo emérito de Goiás em <http://odiario.info/articulo.php?p=608&more=1&c=1>

O NATURAL É POLÍTICO

Teresa Moure. Xerais 2009-07-15



Teresa Moure explora a loita ecolóxica a partir dum lema que significativamente provén doutra revolución pendente, o feminismo, na que atopa numerosas concomitancias. Desde um ponto de vista militante, a autora parte da consideración de que a natureza é umha “cuestión política” que non se resolve através do ambientalismo tradicional. Moure transgrede as fronteiras convencionais dos xéneros literários, a cabalo entre o ensaio e

o relato curto, para denunciar, con entusiasmo e contundencia, o “atraso ecolóxico da Galiza”, e salientar a ausencia dun discurso forte de noso en defensa da natureza, a necesidade dunha cultura política ecolóxica de base que mude os patróns de produción e consumo, afastada das canles institucionais e enfrontada á globalización neoliberal e ao mercado.

RECOMENDAMOS

DE A A X: UMA HISTÓRIA CONTADA EM CARTAS

John Berger Rocco, 2009.



O escritor John Berger empéñase en seguir sendo marxista tamén na narración, e dá voz a aqueles que sofrem (e luitam contra) a opresión e a injustiça. O libro recolle um grupo de cartas atopadas polo escritor, nas que A'ida escribe a Xavier preso con dúas condeas perpetuas por algunha actividade política que nom se especifica. Sem construçom narrativa ao uso, a novela detem-se na vida cotiá, mesmo em trabalhos manuais, cumha

asombrosa profundidade. Esporadicamente aparecen anotaçom de Xavier, pequenos fragmentos nos que recolle a sua indignaçom ante a falta de auga ou a especulaçom financeira, de novo numha mistura entre poesia e política.

Hai mais de trinta anos, Berger doara a metade dum importante premio literário às panteiras negras, com o conseqüente escândalo mediático. Hoje segue a esperar consciências.

publicidade

19

**ROI SOGA
DE LOBEIRA**
CENTRO SOCIO-CULTURAL • RUA DO MEIRO 9 1100

www.roisogadelobeira.blogspot.com



**casa das
CRECHAS**

Vía Sacra, 3 - 15704 Compostela
Telf. 981 57 61 08
www.casadascrechas.com

**libraria
pedreira**

Rua do Home Santo, 55
Santiago de Compostela
Telf: 981 58 54 03 / Fax: 981 58 09 84

CANTOM DO S. BIEITO, 4
COMPOSTELA
GALIZA



TARASCA
Estremozos, 13
Compostela • Galiza



**MARIA
CASTAÑA**

Raiña, 19 - Tlf. 981 56 01 37
SANTIAGO de COMPOSTELA



POLA LIBERACIÓN NACIONAL E A XUSTIZA SOCIAL

MOVEMENTO GALEGO AO SOCIALISMO